

5185 *LEI 3/1998, do 3 de marzo, pola que se crea o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Podólogos.* («BOE» 54, de 4-3-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que esta lei viren e entenderen.

Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

A Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, establece que cando, nunha determinada profesión, existan varias organizacións colexiais de ámbito territorial inferior ó nacional, constituirase un Consello Xeral de Colexios, consello que deberá ser creado mediante lei do Estado, a teor do previsto na Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonómico.

A situación antes descrita prodúcese na actualidade en relación coa profesión de podólogos, da que o correspondente título oficial de diplomado universitario foi creado polo Real decreto 649/1988, do 24 de xuño, polo que resulta procedente constituír mediante esta norma o correspondente Consello Xeral de Colexios Oficiais de Podólogos.

Artigo 1. *Creación.*

Créase o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Podólogos como corporación de Dereito público que terá personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins conforme a lei.

Artigo 2. *Relacións coa Administración xeral do Estado.*

O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Podólogos relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Sanidade e Consumo.

Disposición transitoria primeira. *Comisión xestora.*

Un. Á entrada en vigor desta lei constituirase unha Comisión xestora composta por un representante de cada un dos colexios oficiais de Podólogos existentes no territorio nacional, sempre que fosen ou sexan formalmente creados mediante norma legal da Asemblea lexislativa da correspondente Comunidade autónoma.

Dous. A Comisión xestora elaborará, no prazo de seis meses, contados desde a entrada en vigor desta lei, uns estatutos provisionais reguladores dos órganos de goberno do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Podólogos, nos que se deberán incluí-las normas de constitución e funcionamento dos ditos órganos, con determinación expresa da competencia independente, aínda que coordinada, de cada un deles.

Tres. Os estatutos provisionais remitiráselle ó Ministerio de Sanidade e Consumo, que verificará a súa adecuación á legalidade e ordenará, se é o caso, a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición transitoria segunda. *Constitución do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Podólogos.*

Un. O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Podólogos quedará formalmente constituído e adquirirá personalidade xurídica e plena capacidade de obrar no momento en que se constituían os seus órganos de goberno conforme o previsto nos estatutos xerais provisionais ós que se refire a disposición anterior.

Dous. No prazo dun ano desde a súa constitución, o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Podólogos ela-

borará os estatutos previstos no artigo 6.2 da Lei de colexios profesionais, que serán sometidos á aprobación do Goberno a través do ministro de Sanidade e Consumo.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 3 de marzo de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

5186 *LEI 4/1998, do 3 de marzo, pola que se establece o réxime sancionador previsto no Regulamento (CE) 3093/1994, do Consello do 15 de decembro, relativo ás substancias que esgotan a capa de ozono.* («BOE» 54, de 4-3-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que esta lei viren e entenderen.

Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O deterioramento da capa de ozono provocado pola emisión á atmosfera de compostos haloxenados é, desde hai varios anos, motivo de preocupación da comunidade internacional.

Esta preocupación fíxose patente na aprobación do Convenio de Viena para a protección da capa de ozono, celebrado en 1985, e o Protocolo de Montreal relativo ás substancias que esgotan a capa de ozono, en 1987, do que España é parte.

Así mesmo, esta preocupación e vontade resolutive aprécianse no seo da Unión Europea, que como tal asinou o Protocolo de Montreal e aprobou varios regulamentos que regulan a produción, o consumo e o comercio de substancias que esgotan a capa de ozono.

Como consecuencia dos resultados das investigacións científicas fomentadas polo Protocolo de Montreal que contribuíron a aumentalo coñecemento do mecanismo de deterioramento da capa de ozono, o número de substancias reguladas e os seus correspondentes calendarios de supresión fóronse endurecendo nas sucesivas emendas ó Protocolo de Montreal.

O Consello da Unión Europea aprobou o Regulamento (CE) 3093/1994, do Consello do 15 de decembro, relativo ás substancias que esgotan a capa de ozono, que regulan a produción, o consumo e o comercio das substancias recollidas na emenda de Copenhague ó Protocolo de Montreal, a recuperación de substancias reguladas e a prevención de escapes. O Regulamento comunitario prevé unhas normas máis estrictas con respecto ás limitacións dos clorofluorocarburos, hidroclorofluorocarburos e bromuro de metilo que as establecidas na emenda de Copenhague.

O Regulamento (CE) 3093/1994 aplícase á produción, importación, exportación, subministración e uso e recuperación das substancias reguladas seguintes: clo-

rofluorocarburos, outros clorofluorocarburos totalmente haloxenados, halóns, tetracloruro de carbono, 1,1,1-tricloroetano, bromuro de metilo, hidrobromofluorocarburos e hidrocloreofluorocarburos. En particular, o Regulamento (CE) 3093/1994 define con gran precisión os usos prohibidos dos hidrocloreofluorocarburos e establece as datas de prohibición de acordo coa viabilidade e a dispoñibilidade de substancias e produtos substitutivos non prexudiciais para a capa de ozono. Regúlanse igualmente as importacións de substancias reguladas de terceiros países mediante a obrigatoriedade de obte-las correspondentes licencias de importación. Préstase unha especial atención á recuperación de substancias reguladas usadas e á prevención de posibles escapes das ditas substancias. Finalmente, o Regulamento define os datos que os produtores, importadores e exportadores de substancias reguladas lle deberán comunicar á Comisión Europea.

No seu artigo 19 o Regulamento (CE) 3093/1994 establece que os Estados membros determinarán as sancións que deban aplicarse nos supostos de infracción das disposicións contidas nel. Para lle dar cumprimento á dita previsión cómpre dispoñer de instrumentos legais que establezan as posibles infraccións e as súas correlativas sancións.

A magnitude do problema, a necesidade de rápidas actuacións orientadas a evita-lo seu agravamento, a necesidade esixida polo noso ordenamento de regular mediante unha norma de rango legal o réxime de infraccións e sancións relativo ó exercicio de calquera actividade e a necesidade de concretar aspectos puntuais necesarios para a correcta aplicabilidade do Regulamento (CE) 3093/1994 xa en vigor desde o 23 de decembro de 1994, aconsellan a tramitación desta disposición como lei ordinaria.

Esta lei ten, por tanto, por obxecto establece-lo réxime sancionador relativo á produción, uso e comercialización das substancias reguladas no Regulamento (CE) 3093/1994, sen prexuízo da aplicabilidade directa do citado regulamento, especialmente no que atinxe á súa entrada en vigor.

Esta lei ten o carácter de lexislación básica sobre protección do medio ambiente, segundo se establece no artigo 149.1.23.^a da Constitución, e díctase, ademais, de acordo coa competencia exclusiva que o artigo 149.1.10.^a lle concede ó Estado en materia de comercio exterior.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta lei ten como obxecto a tipificación das infraccións e o réxime sancionador necesario para a correcta aplicación do Regulamento (CE) 3093/1994, do Consello do 15 de decembro, relativo ás substancias que esgotan a capa de ozono.

2. O establecido nesta disposición será de aplicación sen prexuízo dos réximes sancionadores establecidos na Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, e na Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos.

CAPÍTULO II

Infraccións e sancións

Artigo 2. *Infraccións.*

As infraccións previstas nesta lei clasifícanse como moi graves, graves e leves.

1. Constituirá infracción moi grave a realización por calquera persoa das conductas seguintes:

a) Supera-las cotas de produción de bromuro de metilo establecidos para cada produtor no apartado 6 do artigo 3 do Regulamento (CE) 3093/1994, nunha cantidade superior ó 10 por 100 do nivel calculado.

b) Producir clorofluorocarburos, outros clorofluorocarburos totalmente haloxenados, halóns, tetracloruro de carbono, 1,1,1-tricloroetano o hidrobromofluorocarburos de acordo co indicado no artigo 3 do Regulamento (CE) 3093/1994, tida conta das excepcións previstas nel relativas á utilización como materia prima, usos esenciais e necesidades básicas internas das partes de conformidade co artigo 5 do Protocolo de Montreal.

c) Supera-las cotas de comercialización ou utilización por conta propia de bromuro de metilo establecidos para cada produtor no apartado 6 do artigo 4 do Regulamento (CE) 3093/1994, nunha cantidade superior ó 10 por 100 do nivel calculado.

d) Supera-las cotas de comercialización ou utilización por conta propia de hidrocloreofluorocarburos establecidos para cada produtor ou importador no apartado 8 do artigo 4 do Regulamento (CE) 3093/1994, nunha cantidade superior ó 10 por 100 do nivel calculado.

e) Comercializar ou utilizar por conta propia clorofluorocarburos, outros clorofluorocarburos totalmente haloxenados, halóns, tetracloruro de carbono, 1,1,1-tricloroetano, hidrobromofluorocarburos o hidrocloreofluorocarburos de acordo co indicado no artigo 4 do Regulamento (CE) 3093/1994, agás os autorizados para usos esenciais.

f) Utilizar hidrocloreofluorocarburos non sendo nas aplicacións permitidas para cada un dos prazos sinalados no artigo 5 do Regulamento (CE) 3093/1994.

g) O despacho a libre práctica de clorofluorocarburos, outros clorofluorocarburos totalmente haloxenados, halóns, tetracloruro de carbono, 1,1,1-tricloroetano e hidrobromofluorocarburos e de produtos que conteñan estas substancias, importados de estados que non sexan partes no protocolo, segundo establecen os artigos 8 e 9 do Regulamento (CE) 3093/1994. O despacho a libre práctica de hidrobromofluorocarburos e de produtos que os conteñan, importados de Estados que non sexan partes no protocolo, a partir da data de entrada en vigor segundo establecen os artigos 8 e 9 do Regulamento (CE) 3093/1994.

h) A importación de produtos fabricados con substancias reguladas procedentes de Estados que non sexan partes no protocolo, nas condicións que estableza o Consello da Unión Europea, segundo se establece no artigo 10 do Regulamento (CE) 3093/1994.

i) A exportación de clorofluorocarburos, outros clorofluorocarburos totalmente haloxenados, halóns, tetracloruro de carbono, 1,1,1-tricloroetano e hidrobromofluorocarburos a Estados que non sexan partes no protocolo, segundo establece o artigo 11 do Regulamento (CE) 3093/1994. A exportación de hidrobromofluorocarburos a Estados que non sexan partes no protocolo, a partir da data de entrada en vigor segundo establece o artigo 11 do Regulamento (CE) 3093/1994.

j) O despacho a libre práctica na Comunidade Europea de substancias reguladas importadas de terceiros países sen a licenza necesaria para iso, como especifica o artigo 6 do Regulamento (CE) 3093/1994.

2. Constituirá infracción grave a realización por calquera persoa das conductas seguintes:

a) Supera-las cotas de produción de bromuro de metilo establecidos para cada produtor no apartado 6 do artigo 3 do Regulamento (CE) 3093/1994, nunha cantidade inferior ó 10 por 100 do nivel calculado.

b) Superar, á entrada en vigor da presente lei, a cota de comercialización ou utilización por conta propia de 1,1,1-tricloroetano establecido para cada produtor no apartado 5 do artigo 4 do Regulamento (CE) 3093/1994, nunha cantidade inferior ó 10 por 100 do nivel calculado.

c) Supera-las cotas de comercialización ou utilización por conta propia de bromuro de metilo establecidos para cada produtor no apartado 6 do artigo 4 do Regulamento (CE) 3093/1994, nunha cantidade inferior ó 10 por 100 do nivel calculado.

d) Supera-las cotas de comercialización ou utilización por conta propia de hidroclorofluorocarburos establecidos para cada produtor ou importador no apartado 8 do artigo 4 do Regulamento (CE) 3093/1994, nunha cantidade inferior ó 10 por 100 do nivel calculado.

e) Ocultar ou falsea-los datos das comunicacións ós que se refire o artigo 17 do Regulamento (CE) 3093/1994.

f) A negativa ó requirimento de efectua-la comunicación á que se refire o apartado anterior, en relación co artigo 17 do Regulamento (CE) 3093/1994.

g) Non recuperar cando sexa factible as substancias reguladas contidas nos aparellos e mediante as técnicas ás que se refire o artigo 14 do Regulamento (CE) 3093/1994.

h) Non toma-las medidas de prevención contra escapes de substancias reguladas ás que se refire o artigo 15 do Regulamento (CE) 3093/1994.

3. Constituirá infracción leve:

a) Non efectua-la comunicación ou non presenta-la copia á que se refire o artigo 17 do Regulamento (CE) 3093/1994, ou realízalas fóra dos prazos establecidos para iso.

b) Non cumpra-los requisitos mínimos esixidos de cualificación do persoal de mantemento, ós que se refiren os artigos 14 e 15 do Regulamento (CE) 3093/1994.

Artigo 3. Sancións.

1. As infraccións moi graves sancionaranse cunha multa de 50.000.001 a 200.000.000 de pesetas.

2. As infraccións graves sancionaranse cunha multa de 10.000.001 a 50.000.000 de pesetas.

3. As infraccións leves sancionaranse cunha multa de 1.000.000 a 10.000.000 de pesetas.

4. As infraccións moi graves poderán ser sancionadas adicionalmente coa clausura temporal ou definitiva, total ou parcial das instalacións, salvagardándose nestes casos, os dereitos dos traballadores de acordo co previsto na lexislación laboral.

5. O establecido anteriormente enténdese sen prexuízo das responsabilidades civís ou penais nas que puidese incorre-lo infractor.

Artigo 4. Potestade sancionadora.

1. Cando a potestade sancionadora lle corresponda á Administración xeral do Estado, será exercida por:

a) O Consello de Ministros, en sancións correspondentes ás infraccións de carácter moi grave.

b) O titular do Ministerio de Medio Ambiente, en sancións correspondentes ás infraccións de carácter grave.

c) O titular da Secretaría Xeral de Medio Ambiente do Ministerio de Medio Ambiente, en sancións correspondentes ás infraccións de carácter leve.

2. Nos supostos establecidos no apartado anterior, será competente para iniciar, se é o caso, os correspondentes procedementos sancionadores, o director xeral de Calidade Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Esta lei dítase ó abeiro do establecido no artigo 149.1.10.^a e 23.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o Goberno para dicta-las normas de desenvolvemento e aplicación desta lei.

O organismo competente establecerá os requisitos mínimos de cualificación do persoal de mantemento, os procedementos de recuperación e as medidas de prevención de escapes de substancias controladas, ós que se refiren os artigos 14 e 15 do Regulamento (CE) 3093/1994, e o apartado 2.b) do artigo 2 desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 3 de marzo de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

5568 *LEI 5/1998, do 6 de marzo, de incorporación ó dereito español da Directiva 96/9/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 1996, sobre a protección xurídica das bases de datos. («BOE» 57, de 7-3-1998.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que esta lei viren e entenderen. Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As diferencias de protección xurídica das bases de datos nas lexislacións dos Estados membros da Unión Europea inciden de forma directa e negativa na liberdade das persoas físicas e xurídicas de subministrar bens e prestar servizos no sector das bases de datos.

O risco de que as ditas diferencias, especialmente no sector das bases de datos de acceso en liña, se agudicen a medida que os Estados membros adopten novas disposicións nun ámbito que está cobrando unha dimensión cada vez máis internacional motivou que o Parlamento Europeo e o Consello, mediante a proposta inicial da Comisión, adoptasen a Directiva 96/9/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 1996, sobre a protección xurídica das bases de datos.

O obxecto da presente lei é o de incorporar ó dereito español a devandita directiva, co fin de cumprírmolo mandato comunitario asumido por España ó se incorporar á Comunidade Europea.

Razóns de eficacia e economía lexislativa xustifican que a dita incorporación se realice directamente no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril. Con